



## GRATUIDADE LIBROS DE TEXTO CURSO 2011-2012 - PLURILINGÜISMO

- Destinados ao alumnado matriculado no curso 2011/2012 nos cursos de **3º,4º de Educación Primaria**.
- O prazo de presentación de instancias é **ata o 30 de Xuño**.
- Débese presentar unha solicitude por cada alumno.
- **DOCUMENTACIÓN A ENTREGAR:**
  - Fotocopia do **Libro de Familia** no cal figuren todos os membros da unidade familiar. No caso de non ter libro de familia ou que a situación do libro de familia cambiase, certificado de empadramento da unidade familiar
  - No caso de discapacidade de algún membro da unidade familiar, **certificado de grao de minusvalidez**
  - No caso de separación ou divorcio dos proxenitores, **sentencia xudicial de separación ou divorcio**
- A axuda é para a compra do libro de Matemáticas que é o que cambia de idioma. A cuantía é:
  - Familia monoparentais (cun só pai ou nai):
    - Renda per capita familiar ata 6.000 €: **23 € por libro**
    - Renda per capita familiar desde 6.000 € ata 9.000 €: **13 € por libro**
  - Resto das familias:
    - Renda per capita familiar ata 5.400 €: **23 € por libro**
    - Renda per capita familiar desde 5.400 € ata 9.000 €: **13 € por libro**
- O cálculo da **renda per capita familiar** realizase da seguinte forma:
  - Terase en conta os datos do **exercicio fiscal 2009**
  - Sumaranse os **recadros 455 e 465 da declaración** de cada un dos membros da familia que teñan ingresos
  - Divídese o resultado da suma anterior polo número de membros da unidade familiar
- Toda a información sobre a axuda para adquisición de libros de texto polo plurilingüismo está na orde do 16 de Maio de 2011 da Consellería de Educación publicada no DOG do 31 de Maio de 2011. Esta orde e a solicitude poden descargala da páxina WEB do colexio <http://www.edu.xunta.es/centros/ceipfelipecastro/> ou a solicitude poden vir a buscala ao colexio
- Unha vez feita a solicitude teñen que vir os pais a recoller os vales dende o 27 de xuño ata o 30 de xuño.